

Os colexios públicos da cidade deciden hoxe se apoiarán á folga de mañá

► A Fanpa mostra a súa preocupación polo mantemento dos comedores e o Plan Madruga

I. LORENZO

✉ local@diariodepontevedra.com

PONTEVEDRA. Os directores dos colexios públicos de Pontevedra reuniranse hoxe para decidir o seu grao de respaldo a folga convocada para mañá en todos os centros de ensino galegos en protesta polo borrador do decreto de plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

Os centros públicos tiveron onte reunións dos seus respectivos claustros de profesores para prever o grao de adhesión a movilización. Aínda que algúns docentes non se pronunciaron, nalgúns colexios como o de Campolongo, calculan que o 35% do profesorado secundará a folga. No que si coinciden 19 dos 23 colexios de Educación Infantil e Primaria do Concello de Pontevedra na súa disconformidade co decreto de plurilingüismo nun escrito que remitiron o luns á delegación de Educación da Xunta en Pontevedra. Nesa misiva os docentes fundamentan o seu desacordo no feito de que «vai producir un retroceso no uso da lingua galega, xerando importantes problemas organizativos e creando conflitos inexistentes e innecesarios na comunidade educativa».

CIRCULAR. A Federación Provincial de Anpas mostrou onte a súa preocupación polo posible peche dos servizos de comedores e o Plan Madruga. Segundo a presidenta da asociación, María José Rodríguez, se estos servizos non se manteñen «va a suponer un desmadre». A Fanpa non se posiciona a favor ou en contra do decreto pero a Confapa reunirse hoxe co Conselleiro de Educación, Jesús Vázquez, en Santiago, para debater o decreto.



Nenos no comedor escolar do colexio Campolongo. G. GARCÍA

Para evitar confusións os directores dos colexios remitirán hoxe unha circular ós pais advertindo que as actividades académicas non se van a desenvolver con total normalidade mañá.

INSTITUTOS. Pola súa banda, os institutos da cidade descoñecían onte a incidencia que poderá ter a folga xa que é unha decisión que corresponde a cada profesor a título individual e ningún centro de Secundaria se posiciona oficialmente.

Nalgúns institutos houbo charlas nas que se informou ós alumnos sobre o contido do decreto polo que os centros descoñecen que seguimento terá entre o alumnado de 3º e 4º de Secundaria e Bacharelato dado que os de 1º e 2º de ESO non poden facela.

A Xunta obriga a manter os servizos mínimos

A Consellería de Educación ditou onte unha orde na que se determina unha serie de servizos mínimos nos colexios, como é a presenza do director ou dun membro do seu equipo nos centros educativos durante a folga de mañá.

Estes servizos esenciais de educación, segundo informaron dende a Consellería de Educación, non poden reducirse á actividade docente, senón que deben incluír funcións de vixilancia e coidado dos menores. Por tal motivo, é necesaria a presenza nos colexios

do director, ou doutro membro do seu equipo que o substitúa, xa que están capacitados para resolver calquera incidencia respecto á seguridade dos menores.

Sanción. Segundo a orde, a designación nominal do persoal farase pola dirección de cada centro e deberá ser publicada no taboleiro de anuncios e o incumprimento será sancionado segundo dictamine a normativa vixente.

Para algúns directores esta medida será eficaz segundo o número de alumnos que asistan a clase mañá e tamén dos matriculados en cada centro dado que dúas persoas, din, non se poden facer cargo de 300 nenos.

Máis de 130 artistas expoñen en CC Sociais obras baseadas en correos postais

PONTEVEDRA. A Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña, en colaboración coa Biblioteca Central do campus de Pontevedra, fixo unha convocatoria masiva e internacional para recibir pezas de mail art por correo postal sobre un mesmo tema, o medo.

A iniciativa comezou en maio de 2009 e lograron xuntar obras de 137 artistas de 23 países diferentes, que agora se poden ver na exposición Radiografías do medo. Dende hoxe e ata o 25 de febreiro permanecerá aberta ó público na Biblioteca Central do campus de Pontevedra.

MOSTRA VIRTUAL. Os organizadores decidiron crear tamén un wiki con toda a información precisa e un Flickr con todas as obras que se ían recibindo dixitalizadas. O Flickr funciona como unha exposición virtual, na que se pode ver o resultado final das pezas chegadas de toda España, México, Alemaña, Arxentina, Xapón, Portugal, Uruguai, Turquía, Siria, Venezuela, Estados Unidos, Gran Bretaña, Finlandia, Romanía, República Checa, Noruega, Italia, Grecia, Chile, Canadá, Brasil, Bélxica e Austria.

A promotora da idea, Inma Doval, bibliotecaria da Facultade de Ciencias da Educación coruñesa, sinala que axiña comezaron a recibir cartas. «Foi moi emocionante abrilas e vir que viñan de sitios como Xapón ou Finlandia, porque estamos acostumados a que á biblioteca só cheguen facturas», relata. A recollida das obras promoveuse a través de Internet e redes sociais.

O Pazo da Cultura acolle hoxe unha sesión informativa sobre o Banco de Tempo

I. LORENZO

✉ local@diariodepontevedra.com

PONTEVEDRA. O Banco de Tempo, unha iniciativa da Asociación de Desenvolvemento Rural Proder II Comarca de Pontevedra, ofrecerá hoxe unha sesión informativa no Pazo da Cultura ás 20.00 horas. Esta charla estará aberta ó público en xeral que esté interesado en participar activamente en coñecer de primeira man o que significaría implicarse e participar no Banco de Tempo.

O Banco de Tempo é unha rede social que pretende evitar o illamento personal a través do intercambio de diferentes tarefas domésticas ou xestións admi-

nistrativas durante unha hora de tempo. Este espazo de axuda mutua fortalece as relacións e a comunicación das persoas dun xeito recíproco dándose valores de empatía, confianza, solidariedade e axuda. Na sesión informativa de hoxe explicarase cómo se leva a cabo este intercambio de tarefas e haberá testimonios de participantes acompañados por un vídeo.

TAREFAS. Entre as actividades que se poden compartir figuran dende asesoramento a nivel informático, tarefas de acompañamento en ocio, transporte en vehículo propio, ata masaxes, axuda nos deberes escolares ou acompañamento

a anciáns. Neste intercambio non hay ningunha transacción económica xa que a única medida de valor é o tempo.

Calquera persoa maior de idade pode participar no Banco de Tempo e debe inscribirse na secretaría da organización situada no edificio da ADR, na rúa Santa Clara, 4, 2º.

Mañá haberá tamén unha sesión divulgativa na Casa da Cultura de Riomaor, en Vilaboa.

Segundo a Axente de Tempo de Pontevedra, Clara Dias, hai arredor de 66 persoas que participan nesta iniciativa que comezou a funcionar hai un ano na comarca de Pontevedra.

A Universidade ensina ós docentes a controlar o estrés

PONTEVEDRA. O novo modelo de ensino require unha aprendizaxe máis activa por parte dos alumnos, na que o profesor intervéñ como un guía. Este cambio de roles orixina inquietudes e distorsións emocionais nas aulas. Coa finalidade de facilitarlle ó profesorado unhas habilidades para afrontar con éxito a súa adaptación ao EEES e saber manexar a síndrome xeral de adaptación (estrés) e a ansiedade, así como minimizar os efectos de calquera tipo de emoción aflitiva, desenvolverase o curso 'Meditación de atención plena no proceso de ensino-aprendizaxe' na Casa das Campás.

O período de matrícula para

esta actividade formativa permanecerá aberto ata o 31 de xaneiro e as clases terán lugar nos meses de febreiro, marzo e abril.

MATRÍCULA. O curso insírese dentro das accións formativas institucionais da Universidade de Vigo para o ano 2010. As demandadas accións están organizadas pola Vicerreitoría de Formación e Innovación Educativa, a través da Área de Innovación Educativa. A matrícula pode formalizarse a través da plataforma Bubela da Área de Posgrao Virtual. A asistencia ó curso será certificada pola Universidade de Vigo.